

DOMINGO XV ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA Am 7, 12-15

Lectura do libro de Amós

Naquel tempo, díxolle Amasías (sacerdote de Bethel) a Amós: - "Vidente, vaite, fuxe para a terra de Xudá; come alí o teu pan, fai alí de profeta, mais en Betel non volvas profetizar pois é santuario real, é templo nacional".

Respondeu Amós e díxolle a Amasías: - "Nin eu son profeta, nin da caste dos profetas, xa que son gandeiro e coidador de sicómoros, mais foi o Señor quen me colleu de trala grea e foi o Señor quen me dixo: vai profetizar ó meu pobo Israel.

SALMO RESPONSORIAL Sal 84, 9ab-10. 11-12. 13-14

R/. (8): Amósanos, Señor, a túa misericordia e dáno-la túa salvación.

Escoitarei o que di o noso Deus:
certamente o Señor fala de paz
para o seu pobo e os seus amigos.
A salvación está xa preto dos que o temen,
a gloria habitará na nosa terra.

A misericordia e a fidelidade atoparanse,
abrazaranse a xustiza e maila paz.
Na terra xermolará a fidelidade,
a xustiza ollará desde o ceo.

O Señor ha da-lo seus bens,
e a nosa terra vai da-los seus froitos.
A xustiza camiñará diante del,
e a salvación seguirá as súas pegadas.

SEGUNDA LECTURA Ef 1, 3-14 (longa)

Lectura da Carta do Apóstolo San Paulo ós Efesios

Bendito sexa Deus, o Pai do noso Señor Xesús Cristo, que nos bendiciu con toda bendición nos ceos, en Cristo. Nel escolleunos, antes da creación do mundo, para que fosemos santos e sen mancha na súa presenza polo amor. El predestinouos a sermos seus fillos adoptivos, por medio de Xesús Cristo, conforme o designio da súa vontade, para loanza da súa gloria e da súa gracia, que xenerosamente derramou sobre nós, por medio do seu Fillo benquerido.

Nel, no seu sangue, alcanzámo-la redención, o perdón dos pecados, conforme á riqueza da súa gracia, que el fixo rebordar sobre nós con toda sabedoría e intelixencia, dándonos a coñece-lo misterio da súa vontade, o proxecto que el tiña para o realizar na plenitude dos tempos: unificar en Cristo tódalas cousas, canto hai no ceo e canto hai na terra.

Por El tamén nós tivémo-la sorte de resultar preelixidos segundo o designio daquel que activa todo conforme o proxecto da súa vontade, para sermos imaxe da súa gloria os que xa antes tiñámo-la esperanza en Cristo.

Vós tamén, despois de escoitárde-la mensaxe da verdade, o Evanxeo da vosa salvación, e creredes nel, quedastes selados co Espírito Santo prometido, que é garantía da nosa herdanza, para redención dos que chegamos a ser propiedade del, para loanza da súa gloria.

EVANXEO Mc 6, 7-13

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, chamou Xesús os Doce, e empezou a mandalos de dous en dous, dándolles poder sobre os espíritos malos.

Recomendoulles que non levasen nada para o camiño, fóra dun caxato: nin pan, nin alforxas, nin cartos na faixa. Que calzasen sandalias, pero que non levasen máis ca unha túnica. E avisounos: - Cando entredes nunha casa, permaneced nela ata que marchedes. Se nalgún lugar non vos acolleren nin vos escoitaren, ídevos, sacudindo o po dos vosos pés, para que lles sirva de aviso.

Marcharon, e predicaron a conversión. Botaban fóra moitos demoños, e curaban os enfermos, unxíndoos con aceite.